

MATERIA  
Historia de Roma

TITULACIÓN  
Grao en Filoloxía Clásica

unidade  
didáctica  
1

# As orixes de Roma

Ana M<sup>a</sup> Suárez Piñeiro

Historia Antiga

Historia

Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



**DESCATALOGADO**

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2016

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
da Universidade de Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

ISBN

978-84-16954-07-0

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416954070>

**MATERIA:** Historia de Roma

**TITULACIÓN:** Grao en Filoloxía Clásica

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. As orixes de Roma**

**Unidade II. A Monarquía**

**Unidade III. A República**

**Unidade IV. O Alto Imperio**

**Unidade V. O Baixo Imperio**



## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

### OBXECTIVOS

### CONTIDOS

1. Introducción
  - 1.1. Marco espacial e cronolóxico
    - Marco espacial*
    - Marco cronolóxico*
  - 1.2. Fontes de estudo
  - 1.3. A historia de Roma como disciplina
    - Tendencias actuais da investigación*
2. A Península Itálica antes de Roma
  - 2.1. A influencia indoeuropea
  - 2.2. Os etruscos
  - 2.3. Os gregos
3. A fundación de Roma: lenda e realidade histórica
  - 3.1. O Lacio antigo
  - 3.2. Orixes míticas de Roma

### METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

### AVALIACIÓN

### BIBLIOGRAFÍA

### ANEXOS

1. *Ab urbe condita* 1, 4-7, de T. Livio (tradución de J. A. Villar, Biblioteca Clásica Gredos, Madrid, 1990).
2. Noticias de prensa sobre o suposto achado da cova de Rómulo e Remo (2007).



## PRESENTACIÓN

---

Esta unidade didáctica sobre As orixes de Roma forma parte da materia Historia de Roma (G5071502) que está integrada no módulo Historia, arte e pensamento grecorromanos. Corresponde á titulación do Grao en Filoloxía (materia ordinaria Grao RD 1393/2007), posúe carácter obrigatorio e cúrsase no primeiro ano (1º curso), no segundo cuatrimestre.

A materia consta de 6 créditos e supón, polo tanto, 150 horas de dedicación total por parte do alumnado. As horas repártense entre o traballo na aula e o labor autónomo do alumnado, da seguinte maneira.

- Traballo presencial: 51 h.
  - Docencia expositiva: 32 h.
  - Docencia interactiva: 16 h.
  - Titorías personalizadas: 3 h.
- Traballo autónomo (estudo, lecturas, elaboración de traballos, preparacións de exposicións orais, etc.): 99 h.

Historia de Roma organízase en cinco unidades, segundo un criterio cronolóxico. A unidade que aquí se presenta, As orixes de Roma, é a primeira e para impartila prográmanse 6 horas de clase, distribuídas en 6 sesións de 1 hora de duración cada unha delas.

UNIDADE 1: As orixes de Roma

UNIDADE 2: A Monarquía

UNIDADE 3: A República

UNIDADE 4: O Alto Imperio

UNIDADE 5: O Baixo Imperio

Segundo, pois, unha estruturación cronolóxica da materia, esta unidade supón a lección inicial. En primeiro termo propoñemos unha reflexión sobre a importancia do estudo desta temática, a relevancia da antiga Roma, tanto na Antigüidade, onde constituíu un dos maiores imperios, como no mundo actual, grazas ás heranzas que moitos Estados modernos occidentais conservan dela.

Cómpre, así mesmo, coñecer ben os marcos espacial e temporal nos que se vai desenvolver a súa historia. A nivel cronolóxico percorrерemos máis de 1.000 anos e desprazarémonos desde unha pequena aldea, no centro do Lacio, ata ocupar boa parte do continente europeo e as terras bañadas polo Mar Mediterráneo.

Do mesmo xeito, repasaremos cales son as fontes de estudo esenciais coas que contamos para reconstruír a historia da antiga Roma tanto textuais como materiais.

De maneira específica, nesta unidade abordaremos o contexto no que se vai desenvolver e que vai propiciar a aparición da cultura romana: o Lacio primitivo e as comunidades da Península Itálica. En particular, unha destas comunidades terá un papel decisivo neste proceso, polo que nos deteremos máis no seu estudo, a etrusca.

A continuación trataremos xa a propia fundación de Roma que, ante a escaseza de fontes, se afunde na lenda e no mito. Neste punto discutirase a fidelidade deste tipo de fontes co relato histórico para tratar de facer compatibles a mitoloxía e a historia.

## OBXECTIVOS

---

Dentro do conxunto da materia establécense unha serie de obxectivos xerais que a continuación se relacionan.

**Obxectivo 1:** coñecer o marco xeográfico e cronolóxico de desenvolvemento da antiga Roma.

**Obxectivo 2:** comprender os aspectos esenciais da Historia de Roma nos seus diversos ámbitos: político e institucional, social e económico, cultural ou relixioso.

**Obxectivo 3:** identificar as fontes primordiais (textuais e arqueolóxicas) para reconstruír a historia da antiga Roma.

Para contribuír a acadar estes fins, de maneira particular nesta unidade perségúense unha serie de obxectivos específicos que aquí se indican.

**Obxectivo 1:** coñecer o marco xeográfico e cronolóxico de desenvolvemento de Roma nas súas orixes.

**Obxectivo 2:** comprender os aspectos esenciais da Historia da Roma arcaica nos seus diversos ámbitos: político e institucional, social ou relixioso.

**Obxectivo 3:** identificar as fontes primordiais (textuais e arqueolóxicas) para reconstruír a historia da Roma primitiva.

## CONTIDOS

---

A unidade didáctica está composta de tres apartados, tal e como a continuación se relaciona.

1. Introducción
  - 1.1. Marco espacial e cronolóxico
  - 1.2. Fontes de estudo
  - 1.3. A historia de Roma como disciplina
2. A Península Itálica antes de Roma
  - 2.1. A influencia indoeuropea
  - 2.2. Os etruscos
  - 2.3. Os gregos
3. A fundación de Roma: lenda e realidade histórica
  - 3.1. O Lacio antigo
  - 3.2. Orixes míticas de Roma

### 1. Introducción

A primeira pregunta que nos temos que facer é por que debemos estudar a historia de Roma. En principio, porque foi un dos maiores imperios do mundo antigo e exerceu unha transcendental influencia sobre case todas as nacións modernas de Occidente.



A miúdo pensamos que os romanos foron un pobo conquistador que dominou un amplo territorio, pero, ante todo, converteron os países que ocuparon nunha nova realidade, de xeito que o mundo antigo se transformou no mundo romano. Os vellos Estados que bordean o Mediterráneo: Cartago e Exipto, Palestina e Siria, Grecia e Macedonia integraron o Imperio romano. As xentes destas rexións compartiron ideas (relixiosas), formas (artísticas), costumes, lingua ou institucións que acabaron definindo a civilización romana.

Neste primeiro tema estudaremos o nacemento de Roma no centro do Lacio. A súa historia parte dunha aldea, unha máis entre as outras moitas de pastores e campesiños que se repartían os outeiros e os pequenos vales da zona.

Comezaremos coñecendo o punto de partida: as comunidades que ocupaban a Península Itálica no primeiro milenio. Os primeiros habitantes foron posiblemente un conglomerado de xentes de distinta procedencia que vivían á marxe do desenvolvemento económico e cultural dos seus prósperos veciños. A partir de aquí veremos como as orixes da cidade de Roma se perden na lenda.

### 1.1. Marco espacial e cronolóxico

#### *Marco espacial*

Debemos partir do coñecemento do marco físico, do escenario no que teñen lugar os feitos. Roma designa todo un imperio, pero tamén, antes e agora, só unha cidade.

A primeira ocupación da cidade parece ter lugar a mediados da Idade do Bronce nun solo altamente produtivo, a 20 km da costa, nunha rexión de outeiros debuxados polos ríos tributarios do Tíber. No centro do Lacio, Roma sitúase nun punto estratéxico das comunicacións na rexión. Co tempo, este tímido asentamento inicial converterase nunha das maiores urbes do mundo, alcanzando entre 3 e 5 km de extensión entre calquera dos puntos do seu perímetro. Aínda que os cálculos demográficos son moi cuestionados para estes tempos históricos, estímase que Roma acadaría unha poboación máxima de arredor dun millón de habitantes no s. II.

A Península Itálica está bañada polo Mar Tirreno, ao oeste, e polo Adriático, ao leste. Dúas cadeas montañosas definen o relevo do territorio: os Alpes, que establecen unha poderosa barreira ao norte, e os Apeninos, que desde o extremo occidental dos Alpes percorren de norte a sur a península. Conta con varias rexións de chairas fértiles, regadas polas cuncas dos principais ríos: o Po, ao norte; a continuación, o Arno, e o Tíber, na zona central.

A posición da Península Itálica era favorable para o crecemento do poder romano, ao situarse practicamente no centro do Mar Mediterráneo, nas ribeiras do cal floreceran as maiores nacións da Antigüidade: Exipto, Cartago, Fenicia, Xudea, Grecia e Macedonia; conquistando Italia, os romanos obtiñan unha posición dominante entre os Estados do mundo antigo. De feito, no momento de máxima extensión do Imperio, Roma percorrerá preto de 3.600 km, os que separan Xibraltar das costas de Asia Menor, e podería aproximarse, segundo algunhas estimacións, aos 100 millóns de habitantes.

### Marco cronolóxico

Para entender a civilización romana e poder estudala establecemos varias **fases**, de acordo coa súa evolución política. As datas son convencionais, nalgúns casos froito da tradición e bastante dubidosas.

- Fundación e Monarquía: 753-509 a. C.
- República: 508-27 a. C.
- Imperio (subdividido en Alto, ss. I-III, e Baixo, ss. IV-V, asumindo como data final o ano 476).

### 1.2. Fontes de estudo

En comparación con outros períodos, a historia de Roma está ben documentada e numerosas son as fontes para o seu estudo. De feito, a civilización romana sempre estivo presente na cultura occidental e esta circunstancia permitiu a conservación dunha parte significativa do seu legado, tanto escrito como material.

En canto ás fontes **escritas**, estas son de moi diversa índole. Contamos con textos literarios (Virxilio, Ovidio), así como tratados (*De Architectura* de Vitruvio), cartas (Cicerón) ou mitos, entre outros. Os que máis información achegan son os que consideramos históricos, malia que os romanos tardaron en elaborar a súa propia historia. A historiografía romana comezou no s. III a. C. cos **annais**, que redactaba o *Pontifex Maximus* (*Annales Pontificium*), nos que se recollían os acontecementos máis relevantes de cada ano: nome dos cónsules, desastres, etc. O precursor desta historia analística sería Quinto Fabio Píctor quen, movido polo afán de glosar a vitoria de Roma nas Guerras Púnicas, elaborou un relato desde os inicios da cidade, *ab urbe condita*, costume que acabou impoñéndose. Este autor escribiu en grego porque concibía a súa obra como un medio de propaganda dirixida aos falantes desta lingua. Outros analistas que cabería mencionar serían L. Cincio Alimento, Valerio Antias ou Gaio Acilio.

O primeiro texto histórico escrito en latín correspóndelle a Marco Porcio Catón, *Originii* (ca. 200 a. C.), no que, ao longo de 7 volumes dos que só quedan fragmentos, se narraba a historia de Roma desde as súas orixes. Un texto capital será a *Historia xeral* escrita por Polibio (s. II), autor que, a diferenza dos anteriores non se limita a enumerar os feitos senón que procura comprender os factores que os desencadean.

Así chegamos a unha das principais fontes conservadas. Na época de Augusto, Tito Livio redacta un traballo monumental en 142 volumes (35 conservados), *Ab urbe condita*, co obxectivo de glorificar a historia de Roma desde a súa fundación. Xa no Imperio, a cabalo dos séculos I e II, situamos a un historiador excepcional, Tácito, quen nos lega os *Annales* (desde Augusto a Nerón) e as *Historiae* (desde a morte de Nerón a Domiciano).

Outro xénero histórico de gran relevancia, marcado ás veces pola clara intencionalidade política dos seus autores, son as monografías centradas nun acontecemento particular, os *comentarii*. César e Salustio, no s. I a. C., ofrecerannos as principais achegas. Salustio describe a conxuración de Catilina (*De Catilinae*



*coniuratione*) e a guerra contra Iugurta, rei de Numidia (*Bellum Iugurthinum*), mentres César, como protagonista dos feitos, narra as súas campañas militares nas Galias (*Comentarii de bello Gallico*) e a guerra civil que o enfronta a Pompeio (*Comentarii de bello civili*).

Cunha concepción exemplarizante da historia atopamos a obra de Cornelio Nepote (s. I a. C.). Este autor glosa biografías de grandes homes de Grecia e Roma en *De viris illustribus*, obra en 16 volumes, da que só coñecemos unha pequena parte.

Respecto das fontes **materiais**, estas son abundantes e de natureza diversa: arqueolóxicas, epigráficas (estelas funerarias, aras, miliarios, etc.) ou numismáticas (lendas, imaxes e metais ofrecen significativa información). Moitos destes materiais atópanse hoxe en día nos museos (entre os principais, British Museum, Pergamon Museum, Louvre ou Museos Vaticanos). Vexamos como chegou ata nós este inmenso legado da cultura romana.

No s. V, a cidade de Roma perdeu o seu papel prominente ante o ascenso de Constantinopla e Rávena, as novas capitais tras a caída do Imperio. Perdeu poboación, reduciuse a súa extensión, algúns dos seus tesouros foron trasladados a outras localizacións e os templos abandonáronse (ante o avance do cristianismo). Roma comezaba a ser parte do pasado, pero a súa memoria non deixou de estar nunca presente.

Por unha banda, no período medieval a civilización islámica promoveu o estudo dos textos clásicos grecolatinos. Por outra, a posición privilexiada de Roma na historia da cristiandade fixo dela un destino anhelado para os peregrinos. Para eles resultaban esenciais as guías de viaxes ou itinerarios que recollían todo tipo de monumentos ou inscricións existentes nas rutas –moitas das cales non se conservan na actualidade–.

Xa no Renacemento, Roma recobrou a súa capitalidade da cristiandade (tras o episodio de Avignon) e a Igrexa levou a cabo unha importante tarefa de restauración da cidade e de recuperación de antigos monumentos e documentos. Ao mesmo tempo, unha nova sensibilidade xurdía cara á aprendizaxe e á educación da cultura clásica. Neste período elabóranse recompilacións fundamentais de documentos ou inscricións, xunto con edicións, traducións e comentarios de textos grecolatinos, moitos dos cales se atesouran en grandes bibliotecas como a Vaticana.

Do mesmo xeito, a aparición de todo tipo de materiais esixe a creación de institucións onde recollelos e gardalos de forma permanente. Así, os museos converteranse en referencia imprescindible para o estudo da Antigüidade, sobre todo a partir da Ilustración que permitirá a súa popularización.

Un fito que, paradoxalmente, supón un avance significativo no desenvolvemento da historia da antiga Roma é a conquista de Italia por parte de Napoleón. El apoderouse de moitas antigüidades italianas, a maioría das cales serían logo devoltas (o resto permanece no Museo do Louvre). Pero o que aquí nos interesa é que con Napoleón se establecera, grazas ás campañas de Exipto, a práctica de recoller de maneira coidadosa os materiais antigos e de estudar os lugares históricos.

A partir de aquí, e avanzado o s. XIX, varias institucións nacionais establecéronse en Italia co obxectivo de estudar monumentos romanos (entre outros, o Instituto Arqueolóxico Alemán ou a Escola Francesa de Roma). Asemade, a propia Italia afronta

a súa unificación e a antiga Roma cobra protagonismo como modelo e inspiración. Tras a unificación, Vítor Manuel II propónse a preservación do patrimonio nacional mediante unha serie de institucións como o Museo Nacional de Roma en pleno *risorgimento* da cultura propia. Tamén noutros países se emprega a historia romana dentro da conxuntura política coetánea, caso de Inglaterra ou Francia, Estados que gañan poder no mundo e que ven no estudo de Roma un modelo de imperio exitoso digno de imitar.

### 1.3. A historia de Roma como disciplina

Como vemos, ata o s. XIX só podemos falar de anticuarismo, de recompilación de fontes, pero carecemos dunha disciplina rigorosa con ferramentas propias de análise en profundidade da información recollida.

Será en Alemaña onde se dean os pasos decisivos na metodoloxía do estudo da historia. Aquí xorden figuras claves no desenvolvemento da historia antiga, como Theodor **Mommsen**, quen en 1854 publica *Römische Geschichte*, e pouco despois comeza a serie capital que recompila de maneira sistemática as inscricións latinas, *Corpus Inscriptionum Latinarum*.

Os inicios do século XX viven o desenvolvemento da arqueoloxía como disciplina académica, xunto coas outras ciencias sociais. A II Guerra Mundial irrompe con forza no campo de acción da arqueoloxía provocando unha gran destrución. Pero ao igual que no século XIX os nacionalistas románticos empregaron as tradicións da vella Roma para excitar a sensibilidade italiana, o partido fascista de Mussolini adoptou o símbolo romano da aguiña e defendeu a necesidade de revitalizar a lingua latina como medio para restaurar a gloria de Roma... A disciplina da arqueoloxía foise especializando por áreas culturais de estudo e, a partir dos anos 60 e 70, asumiu a metodoloxía científica. Na actualidade, os continuos e numerosos achados arqueolóxicos por toda a conca mediterránea e boa parte de Europa permítenos actualizar e completar o noso coñecemento deste período histórico.

#### *Tendencias actuais da investigación*

Mencionamos anteriormente, como “pai” da historia da antiga Roma, a Mommsen, quen non cría xa que os mitos fosen a vía para explicar a orixe de Roma, malia que puidesen gardar elementos de veracidade. El emprendeu un estudo sistemático das fontes para recuperar os acontecementos do pasado. Neste sentido, a historiografía alemá foi crucial no desenvolvemento da historia romana, con títulos imprescindibles, entre outros: *Römisches Staatsrecht* (1871), de T. Mommsen; *Religion und Kultus der Römer* (1912), de G. Wissowa; *Die Nobilität der römischen Republik* (1912), de M. Gelzer; *Römische Adelsparteien und Adelsfamilien* (1920), de F. Münzer; ou o dicionario enciclopédico, iniciado por A. Pauly e G. Wissowa en 1839, *Realencyclopädie der Classischen Altertumswissenschaft*.

De maneira progresiva foron sumándose outros nomes e escolas que marcaron unha época polas súas achegas e, sobre todo, pola orientación metodolóxica que

deron os seus traballos e que abriron relevantes campos de estudo. Por exemplo, M. Rostovtzeff en *The Social and Economic History of the Roman Empire* (1926) introduciu a arqueoloxía de maneira global no relato histórico. R. Syme, en *The Roman revolution* (1939), seguindo o método prosopográfico, destacou o papel desenvolvido na historia pola clase gobernante. Mentres, Z. Yavetz, en *Plebs and princeps* (1969), descubriu o papel das masas, da plebe, na vida política romana.

Nas últimas décadas multiplícanse os temas abordados polos especialistas. Podemos salientar, por unha banda, o ámbito da vida cotiá ou da intrahistoria, poñendo o acento en colectivos ou actividades antes ignorados (muller, infancia, ocio, etc.). Por outra, cobra pulo o debate sobre as relacións que Roma establece coas comunidades que ocupa e integra (romanización, identidade, etc.).

## 2. A Península Itálica antes de Roma

Adoita ser sempre difícil dar conta das orixes dunha cultura pola variedade de factores que entran en xogo e pola distancia temporal. Neste caso tamén o é debido á escaseza de fontes de información. O inicio podemos situalo arredor do ano 900 a. C., cando comezan a xurdir grandes asentamentos onde antes non existía nada.

Se ata o Bronce Final teriamos unha rexión bastante uniforme, a situación cambia de maneira substancial a partir de aquí. Na Idade do Ferro a Península Itálica ofrece, segundo o rexistro arqueolóxico, un panorama marcado pola diversidade da ocupación. Os rituais de cremación no horizonte cultural coñecido como campos de urnas supuñan o elemento dominante ao rematar a Idade do Bronce. Pola contra, a Idade do Ferro itálica amosa diversidade nas prácticas funerarias e diferentes culturas locais. Unha das máis significativas foi a denominada cultura de **Villanova** (identificada por vez primeira en 1853, no xacemento do mesmo nome, preto de Bolonia). A súa principal característica é o emprego de urnas funerarias de tipoloxía peculiar, de forma bicónica e con tapa, enterradas e cubertas con laxas de pedra. Ás veces, tamén as cinzas eran depositadas en pequenas cabanas de terracota que representaban as vivendas destes grupos.

### 2.1. A influencia indoeuropea

Unha das principais vías para recoñecer a presenza de grupos indoeuropeos é a lingua. Non obstante, non sempre a existencia de linguas deste tipo implica a ocupación masiva do territorio por parte de comunidades desta cultura. Hoxe admítase de maneira bastante xeneralizada que os indoeuropeos entrarían na Península Itálica en diferentes momentos en vagas de distinta intensidade, mesturándose coas comunidades locais.

A partir dos testemuños recollidos estímase que na Península Itálica falábanse arredor de 40 linguas antes de que o latín se alzase como fala dominante. Moitas delas derivan da gran familia de linguas indoeuropeas, en particular dunha das ramas, a itálica. As principais serían as que a continuación indicamos.

- Ademais do **latín** (Lacio), un grupo de linguas moi próximas a el, entre as que estarían o véneto (rexión norte) e o sículo (Sicilia).
- O umbro, propio da rexión de Umbría.
- O osco, falado na zona sur dos Apeninos (habitada por samnitas, lucanos e brucios) e na Campania.
- As outras linguas indoeuropeas da península serían o grego (Magna Grecia) e o celta (Val do Po e litoral adriático).

## 2.2. Os etruscos

A cultura de maior desenvolvemento na Península Itálica foi a etrusca, que floreceu entre os anos 800 e 500 a. C. Os etruscos situábanse ao noroeste do Lacio, na Italia central, entre os ríos Tíber e Arno, con límites interiores nos Apeninos e, polo oeste, no Mar Tirreno; a actual Toscana ocupa unha gran parte desde territorio. Desde a rexión toscana foron estendéndose polo sur cara ao Lacio, e cara ao norte, polo val do río Po (Lombardía).

Durante moitos anos, os etruscos foron considerados un pobo atractivo e enigmático pola riqueza dos seus restos materiais (frescos e relevos de tumbas) e as numerosas inscricións conservadas (8.000, a maioría funerarias) nunha lingua non indoeuropea (nun alfabeto derivado do grego que non se comprende por completo). A súa orixe, así como a relación con Roma e a influencia que sobre esta exerceron son aínda cuestións debatidas polos estudosos.

Respecto á orixe deste pobo, defendéronse dúas hipóteses fundamentais: a oriental (posiblemente de Asia Menor, da área exeo anatólica) e a autóctona. Hoxe en día as evidencias arqueolóxicas parecen inclinar a balanza de maneira clara pola opción local. A clave radica na análise da formación da cultura etrusca. Na Idade do Bronce e comezos da do Ferro a poboación de Etruria presenta analoxías con outras comunidades de Italia nos tipos de poboamento e usos funerarios; non hai diferenzas salientables. Por outra banda, desde o Bronce tardío a área do Tirreno estivo sometida a múltiples influxos de grupos de orientais atraídos polas riquezas mineiras de Sardeña. Desde inicios do s. VIII a. C., coa fundación de Pytecusa (Isquia) e Cumas, os gregos inician un período de relacións intensas e continuas coa área etrusca. Nesa zona comezan a ter presenza tamén os comerciantes fenicio-púnicos. Asemade, os cambios económicos desta centuria aceleran en Etruria a formación dun novo tipo de sociedade de tipo xentilicio e aristocrática, responsable da asunción plena do modelo cultural grego no urbanismo e noutras formas culturais. Comeza o uso do alfabeto grego e as cidades etruscas reciben artesáns gregos e orientais.

Polo tanto, podemos establecer que a cultura etrusca xurdiría na propia Italia no s. IX a. C., sobre o substrato villanoviano, mentres o catalizador decisivo para o seu desenvolvemento serían os contactos cos viaxeiros fenicios e gregos. Non habería que recorrer, en consecuencia, a invasións masivas doutros pobos para explicar o esplendor da cultura etrusca. Bastaría coa capacidade dunha comunidade indíxena para adaptarse ás correntes culturais do Mediterráneo, incorporando grupos deses pobos. Neste sentido parece impoñerse a hipótese, defendida xa en 1947 por M.

Pallottino, dunha formación gradual na propia Italia da civilización etrusca (aínda que iso non desbota unha posible migración prehistórica, pero que tería unha relevancia menor).

Os etruscos posúen unha cultura urbana que levanta as súas cidades en lugares elevados do interior, buscando zonas de fácil defensa. Entre as súas *poleis* podemos citar: Tarquinia, Veies, Caere e Vulci, ao sur; Volterra, Populonia, Vetulonia e Rusellae, ao norte; e Arezzo, Cortona, Perugia, Clusio e Volsini, no interior. Os recursos ao seu alcance eran importantes e gozaban dunha rica agricultura favorecida polas fértiles terras volcánicas; minas de ferro e cobre, e activos obradoiros artesanais, sobre todo de cerámica, armas e xoias. A súa actividade produtiva permitía manter intensos intercambios comerciais, en particular cos gregos. Podemos salienta o papel comercial desenvolvido por Veies (intermediaria entre Etruria e o Lacio).

A riqueza dos enxovais atopados nas tumbas constata a existencia de grupos aristocráticos, propios dunha sociedade estratificada. Como noutras culturas mediterráneas, os etruscos organizáronse politicamente en cidades-estado. Estas cidades estaban gobernadas por reis (*lucumones*), que foron substituídos no s. V por maxistrados anuais, cuxo poder executivo era controlado por un senado de aristócratas. Por riba da autonomía de cada cidade, os etruscos eran conscientes da comunidade cultural que compartían, pero non constituíron nunca unha unión política. Só se evidencia unha unión de tipo relixioso, baixo a forma dunha confederación de cidades.

As influencias gregas na cultura, política e arte etruscas foron moi profundas e temperás. Os etruscos copiaron pronto o alfabeto grego; adaptaron as técnicas arquitectónicas dos gregos ás posibilidades dos materiais locais como a terracota, e asumiron a práctica do banquete ou o combate ao modo hoplita.

Os etruscos foron grandes navegantes e comerciantes que chegaron a constituír unha potencia naval no Mediterráneo occidental. Non obstante, o seu poder comezou a deteriorarse ao teren que afrontar as invasións dos galos cisalpinos (desde o norte) e os ataques de gregos e cartaxineses na súa loita polo dominio do Mar Tirreno. Nestas condicións, a nova cidade de Roma medrará ata impoñer o seu dominio.

Etruria conservará mal que ben a súa independencia ata entrar definitivamente na órbita romana a principios do s. III. A pegada etrusca sobre a cultura romana será profunda: o poder monárquico; o costume do triunfo militar; as grandes obras públicas; e, sobre todo, algunhas prácticas relixiosas: a organización de deuses en tríades; paralelos rituais, como o da fundación da cidade tras a consulta augural e a delimitación da área sagrada (*pomerium*); os libros sagrados e as prácticas mánticas (mediante a observación do voo das aves polos *augures* ou das vísceras dos animais sacrificados por parte dos *aruspices*).

### 2.3. Os gregos

A costa sur de Italia, desde Tarento a Campania, e Sicilia foi coñecida polos antigos co nome de **Magna Grecia** por acoller asentamentos coloniais gregos. As

condicións xeográficas con estreitas penínsulas e vías de comunicación terrestre entre un e outro golfo facilitaron o asentamento de pequenos enclaves ou factorías, como Cumas, Síbaris, Crotona ou Tarento. Os gregos prestáronlles aos indíxenas as representacións antropomorfas dos seus deuses, a técnica construtiva dos edificios de culto e, ás veces, ata o nome das divindades. Boa parte destes influxos serían transmitidos tamén a través das comunidades etruscas.

### 3. A fundación de Roma: lenda e realidade histórica

#### 3.1. O Lacio antigo

A arqueoloxía e a lingüística debuxan un Lacio antigo (*Latium vetes*) marcado pola uniformidade, coa denominada **cultura lacial** (ca. 1000-600 a. C.). Os asentamentos, nunha rexión estratéxica que controlaba as principais liñas de comunicación cara á Italia central, en orixe eran moi pequenos e ocupaban os outeiros.

Nunha primeira fase (1000-900 a. C.), no período final do Bronce, dáse unha variante local da cultura protovillanoviana. Os xacementos funerarios mostran, como noutras rexións itálicas, urnas con cinzas, pero aquí os enxovais son máis complexos: obxectos cerámicos e de bronce en miniatura depositados en grandes olas circulares (*dolia*), enterradas nun pozo. As urnas, ademais, adoptan con frecuencia a forma dunha pequena cabana ou casa en miniatura. Un dos xacementos máis interesantes é o de Osteria dell'Osa, onde apareceron numerosas tumbas con prácticas funerarias de inhumación e incineración. En toda a rexión, esta cultura Lacial apenas deixa testemuños dos lugares de habitación, que serían de dimensións reducidas, con poucas diferenzas respecto a estruturas e materiais. En fases posteriores, os asentamentos medrarían, asumindo de maneira progresiva formas protourbanas.

A lingua, o latín, foi un factor polo que os latinos se diferenciaban de todos os seus veciños; pero tamén os deuses, a estrutura onomástica persoal e o grao de desenvolvemento económico e social. A posición xeográfica do Lacio, cruzado por vías terrestres que unían Etruria, Campania e as comunidades do interior apenínico e a súa veciñanza co Tirreno ofrecíanlle moi boas condicións de expansión.

Ata ben entrado o s. VIII a. C. non atopamos as primeiras cidades do Lacio: Praeneste e Tibur (Tívoli), mentres Alba Longa se conformaría coma un conxunto de aldeas nos montes Albanos. O proceso de Roma foi máis lento: garda evidencias de ocupación desde o Bronce Medio, pero só significativas desde a fase final deste período e inicios do Ferro; as primeiras cabanas constátanse a partir do s. VIII a. C. Neste sentido, as investigacións das últimas décadas modificaron profundamente os coñecementos sobre a Roma primitiva, en particular as escavacións practicadas no Foro Boario, no Palatino ou no Quirinal.

#### 3.2. Orixes míticas de Roma

As orixes remotas de Roma pérdense na lenda e diversos **mitos** tentan explicar a fundación de Roma a partir do epónimo fundador da cidade. O noso

coñecemento de todas as tradicións sobre a Roma arcaica depende no esencial de dous historiadores de época de Augusto, Dionisio de Halicarnaso e Tito Livio, que vinculan a orixe da Urbe cunha liñaxe de deuses e heroes.

Estas fontes defenden unha idea común aos gregos: a existencia dun acto fundacional, análogo ao que tiña lugar nas colonias helenas. Tomamos, como convención, a data do ano 753 a. C. (defendida polos dous autores mencionados). Esta tradición conecta coa lenda de Eneas, quen tras a guerra de Troia, arribaría ao Lacio, para casar con Lavinia, filla do rei Latino, e fundar Lavinium. Deste xeito converteríase en rei, dunha estirpe da que nacerían logo os fundadores de Roma, Rómulo e Remo.

A historia de **Rómulo e Remo** é a máis popular sobre a orixe de Roma, e a súa lenda existía ao parecer xa no s. V a. C. (Álcimo xa a menciona). Nos séculos seguintes a figura de Rómulo cobra forza en paralelo á decadencia etrusca. Malia que existen diversas versións, en esencia o relato conta como Ascanio (fillo do heroe troiano Eneas) fundara na beira dereita do río Tíber Alba Longa, cidade latina sobre a cal reinaron numerosos descendentes, ata Numítor e seu irmán Amulio. Este último destronou o seu irmán e, para evitar que tivese descendencia que lle disputase o trono, condenou a súa filla Rea Silvia a permanecer virxe como vestal, sacerdotisa da deusa Vesta. Non obstante, Rea Silvia quedou embarazada do deus Marte e tivo dous fillos: Rómulo e Remo, razón pola cal o rei Amulio ordenou que os nenos fosen arroxados ao río Tíber.

Así se fixo, pero os nenos non morreron: unha loba aleitounos (unha imaxe artística mil veces repetida ata a actualidade) ata que un pastor os atopou e criou coma fillos. Logo foron recoñecidos coma fillos da sacerdotisa, depuxeron o rei Amulio e devolvéronlle o trono ao seu avó, Numítor, en Alba Longa. Rómulo fundou unha cidade no **Palatino**: cun arado trazou un recadro delimitando a nova cidade e xurou que mataría quen o traspasase. Remo cruzou a liña e seu irmán matouno, quedando así como primeiro e único rei de Roma.

En época de Augusto consagrarase a orixe lendaria de Roma como lexitimación do novo réxime, en referencia a un pasado idealizado, grazas a autores coma Virxilio ou Livio.

Hoxe a arqueoloxía permite coñecer mellor a Roma inicial: parece que no s. VIII a. C. Roma levou unha vida tranquila, sen grandes cambios, pero a partir de aquí se observa un incremento significativo de materiais, en particular na área do Palatino. A grandes trazos os momentos máis importantes da lenda e da historia da primeira Roma pódense encaixar na secuencia cronolóxica que ofrece a arqueoloxía.

## **METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

Co obxecto de facilitar e racionalizar a docencia da materia empregaranse os seguintes métodos de traballo.

Clases expositivas (5 sesións dunha hora de duración cada unha), nas que se presentarán os contidos teóricos da unidade.

Clase interactiva (1 sesión dunha hora de duración), na que se desenvolverán actividades prácticas relacionadas cos contidos teóricos previamente expostos.

Tutoría personalizada, na que se atenderán todas as cuestións que a unidade lle suscite ao alumnado de maneira individual.

Na sesión interactiva realizarase unha **actividade na aula** que o alumnado terá que entregar á profesora para a súa avaliación de maneira individual. Proponse traballar con tres tipos de documentos: *Ab urbe condita* 1, 4-7, de T. Livio (anexo 1); dúas noticias de prensa sobre o suposto achado da cova de Rómulo e Remo no ano 2007 (anexo 2); e o artigo “La grandeza de Roma y la tradición mitológica”, J. J. Sayas Abengoechea, *Gerión* 1 (1983), 157-176. <http://revistas.ucm.es/index.php/GERI/article/view/GERI8383110157A/14952> [Dispoñible 07.09.2016]. Tras a lectura previa dos textos propostos abrirase un debate na aula arredor do papel do mito na historia e, en concreto, na fundación de Roma.

## AVALIACIÓN

---

A avaliación da unidade docente estará incluída na avaliación xeral da materia. Valórase o rendemento e a aprendizaxe adquirida a través dunha combinación equilibrada entre actividades de carácter formativo e de carácter final. Nas actividades formativas terase en conta o esforzo e o progreso na aprendizaxe e incentivarase a dedicación constante á materia ao longo da unidade. A actividade de carácter final permitirá comprobar os resultados da aprendizaxe.

Desta maneira, na avaliación teranse en conta tres elementos: a participación na aula, as actividades prácticas das sesións interactivas e a proba escrita. A participación na aula suporá un 20% da cualificación, as prácticas o 30% e a proba escrita o 50% da cualificación final desta unidade.

No cómputo xeral da materia, a avaliación dos contidos desta unidade suporá o 15% da cualificación final.

## BIBLIOGRAFÍA

---

- BONFANTE, L. (2006): *Etruscan Myths*, London: The British Museum Press.
- CARANDINI, A. (1997): *La Nascita di Roma: dei, Lari, eroi e uomini all'alba di una civiltà*, Torino: Einaudi.
- CARANDINI, A. (2014): *La fundación de Roma*, Barcelona: Bellaterra.
- COARELLI, F. (2012): *Il Palatino dalle origine all'Impero*, Roma: Edizioni Quasar.
- CORNELL, T. (1999): *Los orígenes de Roma, c. 1000-264 a. C.: Italia y Roma de la Edad de Bronce a las guerras púnicas*, Barcelona: Crítica.
- LARA PEINADO, F. (2007): *Los etruscos: pórtico de la historia de Roma*, Madrid: Cátedra.
- MARTÍNEZ-PINNA, J. (1999): *Los orígenes de Roma*, Madrid: Síntesis.
- MOMIGLIANO, A. (1989): *Roma arcaica*, Firenze: Sansoni.
- OGILVIE, R. M. (1995): *Le origine di Roma*, Bologna: Il Mulino.



- PLÁCIDO SUÁREZ, D. (1991): *La Formación de los estados en el Mediterráneo occidental*, Madrid: Síntesis.
- POUCET, J. (1985): *Les origines de Rome. Tradition et histoire*, Bruxelles: Publications des Facultés Universitaires Saint-Louis.
- SANDRELLI, E. (1999): *Etruschi: un enigma risolto*, Firenze: Giunti.
- SAYAS ABENGOECHEA, J. J. (1983): «La grandeza de Roma y la tradición mitológica», *Gerión*, nº 1, 157-176.
- SMITH, C. J. (1996): *Early Rome and Latium: economy and society c. 1000 to 500 BC*, Oxford: Oxford University Press.
- TORELLI, M. (1996): *Historia de los etruscos*, Barcelona: Crítica.
- WISEMANN, T. P. (1995): *Remus, a Roman myth*, Cambridge: Cambridge University.

## ANEXOS

---

**1. *Ab urbe condita* 1, 4-7, de T. Livio** (traducción de J. A. Villar, Biblioteca Clásica Gredos, Madrid, 1990).

Pero tenía que ser, en mi opinión, cosa del destino el nacimiento de tan gran ciudad y el comienzo de la mayor potencia después de la de los dioses. La vestal fue forzada, dio a luz dos gemelos y, bien por creerlo así, bien por cohonestar la falta remitiendo su responsabilidad a un dios, proclama a Marte padre de esta dudosa descendencia. Pero ni los dioses ni los hombres la libran a ella ni a los hijos de la crueldad del rey: la sacerdotisa es encadenada y encarcelada, y se ordena que los niños sean arrojados a la corriente del río. Por un azar debido a los dioses, el Tíber, desbordado, no permitía el acceso hasta el cauce habitual a causa de los estancamientos en remanso, y a los que llevaban a los recién nacidos les hizo concebir la esperanza de que estos se ahogasen en esas aguas a pesar de estar remansadas. En la idea, pues, de cumplir así el mandato del rey, abandonan a los niños en la primera charca, lugar en que actualmente se encuentra la higuera Ruminal, antes llamada Romular, según dicen.

Había, en esa zona, por entonces, extensos parajes solitarios. La tradición sostiene que, cuando el agua, al ser de poco nivel, depositó en seco la canastilla a la deriva en que habían sido colocados los niños, una loba, que había salido de los montes circundantes para calmar la sed volvió sus pasos hacia los vagidos infantiles; que se abajó y ofreció sus mamas a los niños, amansada hasta tal punto que la encontró lamiéndolos el mayoral del ganado del rey –dicen que se llamaba Fáustulo–, y que él mismo los llevó a los establos y los encomendó a su mujer Larentia para que los criase. Hay quienes opinan que Larentia, al prostituir su cuerpo, fue llamada «loba» por los pastores y que esto dio pie a la leyenda maravillosa. Tal fue su nacimiento y su crianza [...].

Una vez devuelto de esta forma a Númitor el trono de Alba, caló en Rómulo y Remo el deseo de fundar una ciudad en el lugar en que habían sido abandonados y criados. Era sobreabundante, por otra parte, la población de Alba y del Lacio, a lo que había que añadir, además, a los pastores; el conjunto de todos ellos permitía esperar

que Alba y Lavinio iban a ser pequeñas en comparación con la ciudad que iba a ser fundada. En estas reflexiones vino pronto a incidir un mal ancestral: la ambición de poder, y a partir de un proyecto asaz pacífico se generó un conflicto criminal. Como al ser gemelos ni siquiera el reconocimiento del derecho de primogenitura podía decidir a favor de uno de ellos, a fin de que los dioses tutelares del lugar designasen por medio de augurios al que daría su nombre a la nueva ciudad y al que mandarían en ella una vez fundada, escogen, Rómulo, el Palatino y, Remo, el Aventino como lugares para tomar los augurios.

Cuentan que obtuvo augurio, primero, Remo: seis buitres. Nada más anunciar el augurio, se le presentó doble número a Rómulo, y cada uno de ellos fue aclamado como rey por sus partidarios. Reclamaban el trono basándose, unos, en la prioridad temporal, y otros en el número de aves. Llegados a las manos en el altercado consiguiente, la pasión de la pugna da paso a una lucha a muerte. En aquel revuelo cayó Remo herido de muerte. Según la tradición más difundida, Remo, para burlarse de su hermano, saltó las nuevas murallas y, acto seguido, Rómulo, enfurecido, lo mató a la vez que lo increpaba con estas palabras: «Así muera en adelante cualquier otro que franquee mis murallas». Rómulo, por consiguiente, se hizo con el poder en solitario; la ciudad fundada recibió el nombre de su fundador.

## 2. Noticias de prensa sobre o suposto achado da cova de Rómulo e Remo (2007).

*Descubren la cueva donde Rómulo y Remo fueron amamantados por la loba* (AFP). 20/11/2007.

ROMA (AFP). Un equipo de arqueólogos italianos descubrió en el corazón de Roma la cueva en la que Rómulo y su hermano gemelo Remo, fundadores de Roma, fueron amamantados según la leyenda por una loba, anunció este martes el ministro de Cultura italiano, Francesco Rutelli.

«Italia y Roma no dejarán jamás de sorprender al mundo por sus descubrimientos arqueológicos y artísticos. Es increíble que un lugar tan mitológico haya sido encontrado realmente», declaró Rutelli.

La cueva, denominada el Lupercal, por el nombre de la loba Luperca, se encuentra en la histórica colina del Palatino y según la leyenda era reverenciada por los antiguos habitantes de la ciudad como el lugar en que una loba había amamantado a los legendarios fundadores de la urbe.

Cuenta la leyenda que Amulio expulsó del trono del Lacio a su hermano Numitor y obligó a la hija de éste, Rea Silvia, a hacerse sacerdotisa, para evitar que tuviera descendencia.

Sin embargo, Marte acabó poseyendo a la bella Rea y ella tuvo dos gemelos. Amulio se enteró y ordenó colocarlos en una cesta en el río Tíber, para que fuesen arrastrados hasta el mar y muriesen ahogados.

La cesta encalló a unos 20 kilómetros de la desembocadura y los gemelos terminaron por ser amamantados por una loba y más tarde recogidos por un pastor, que los crió junto a su esposa, llamándolos Rómulo y Remo.

Los dos hermanos crecieron y acabaron fundando una pequeña ciudad llamada Roma, en el 753 antes de Cristo. La ciudad creció hasta convertirse en el mayor imperio que ha dominado el mundo.

Según los arqueólogos, el sorprendente hallazgo de la cueva, que se encuentra a varios metros de profundidad y está decorada con mosaicos, fue posible gracias a una sonda que cuenta con una cámara operada por control remoto.

La cueva mide 6,5 metros de diámetro y 7 de altura.

*Un arqueólogo afirma que la gruta hallada no es el Lupercale de Rómulo y Remo.* EFE. 22/11/2007.

El ex superintendente de Roma Adriano La Regina negó hoy que el cubil desvelado hace dos días por el ministro de Cultura italiano, Franceso Rutelli, sea el lugar en el que, según la leyenda, la loba «Luperca» amamantó a Rómulo y Remo, fundadores de la ciudad. La Regina, en una entrevista que publica hoy el diario La Stampa, manifestó que ha visto las fotos y excluye «absolutamente que ese sea el Lupercale», nombre con el que se conoce el cubil. Según el arqueólogo, la cueva de la leyenda se encuentra en la misma zona arqueológica de la colina del Palatino, en el foro de la Roma Imperial y donde se ubicaba el palacio imperial de Nerón, pero «un poco más al oeste». En opinión de La Regina, se ha anunciado la noticia de forma «apresurada» cuando todavía faltan por descubrirse otros restos importantes desde el punto de vista arqueológico en la zona. La Regina escribe también, en el diario La Repubblica, un artículo en el que indica que «será importante continuar con las excavaciones anunciadas por el ministerio para localizar el verdadero Lupercale, al oeste de la gruta ahora encontrada», en la que se realizaban actividades de culto a la Loba. La gruta descubierta se encuentra a dieciséis metros de profundidad entre el Circo Máximo y la Casa de Augusto, justo en la Roma Imperial, y tiene un diámetro de seis metros cincuenta y tres centímetros y una altura siete metros y trece centímetros. El Ministerio de Cultura anunció la inversión de 13 millones de euros (unos 19 millones de dólares al cambio de hoy) en los próximos tres años destinados a las excavaciones en la colina del Palatino. Por otra parte, el actual superintendente de Bienes Arqueológicos de la capital italiana, Angelo Bottini, señala al diario Il Messaggero que en las excavaciones arqueológicas que se llevarán a cabo intentarán «identificar el Lupercale y establecer si el santuario tenía raíces profundas». Bottini señaló que las labores serán difíciles y llevarán bastante tiempo debido a que «se trata de un área del Palatino que hasta ahora nunca ha sido explorada» y explicó que las excavaciones se centrarán en la época imperial, «que hasta ahora había sido ignorada». Según la leyenda, los gemelos Rómulo y Remo, cuyo padre era el dios Marte, fueron abandonados en el río Tíber por orden del rey Amulio, cuya hija había incumplido el mandato de virginidad que él le impuso cuando la obligó a dedicarse al culto de Vesta. Los hermanos fueron luego recogidos y amamantados por la loba Luperca y cuando crecieron fundaron Roma, de acuerdo con el mito. Las interpretaciones de la leyenda han sido múltiples y entre ellas está la del ensayista y escritor Corrado Augias, quien en su libro «I segreti di Roma» sostiene que es posible que Luperca fuera una prostituta, ya que en la Roma antigua éstas recibían el nombre de «lupa» (loba), de donde procedería la palabra «lupanar».



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

